

**OBRADOIRO LITERARIO para desenvolver  
no IES PUNTA CANDIEIRA. CEDEIRA.  
3º ESO.15 participantes.  
(Do 20 abril ao 25 maio do 2006)**

- Obxectivo principal:

- Realizar cada participante un LIBRO DE AUTOR, sobre un tema moi próximo.

- Obxectivos secundarios:

- Descubrir a capacidade de creación literaria e artística de cada alumno.
- Presentar propostas de traballo destinadas a desenvolver e exercitar distintos aspectos do texto.
- Promover a creación conxunta de textos, sen temor á crítica, dos participantes sobre temas do seu entorno e contexto.
- Dar a coñecer entre os participantes as distintas manifestacións artísticas das últimas décadas procurando facer fincapé nuns ou noutros autores en función das necesidades detectadas no grupo.
- Provocar nos participantes unha serie de preguntas básicas sobre os procesos de produción literaria.
- Fomentar a cohesión do grupo.
- Reforzar a expresión oral e pública.

- Programa de traballo

O obradoiro desenvolverase en seis sesións de dúas horas de duración segundo o seguinte plan de traballo:

- 1) Presentación dun compañeiro por medio da resposta a un cuestionario sinxelo sobre eles mesmos, gustos e afeccións, a materia e a literatura galega e sobre as expectativas do obradoiro en sí.
- 2) Explicar os motivos da elección, feita por cada participante, dun obxecto persoal, importante e valioso que se debe traer ao obradoiro. Escribir sobre o obxecto ou explicación que máis lles gustou xustificando a escolla. Realización dun *partido de fútbol literario* a través da lectura activa e participativa dun texto
- 3) Visualizar obras de arte orixinais e reproducións e libros de autor mentres escoitan música brasileira e galega. Escribir con liberdade, sen pensar demasiado, os sentimentos, lembranzas que lles transmite esta experiencia sensitiva.
- 4) Desenvolver nun relato curto unha das ideas esbozadas nas sesións anteriores (obxectos persoais, música, obras de arte...).
- 5) Con materiais de refugallo, cartolinas e papeis de cores, elaboración do seu propio LIBRO DE AUTOR coa transcripción do relato.
- 6) Presentación do libro e lectura do texto á titora e a cada compañeiro do obradoiro.